



## VII TROFEO CLUB DEPORTIVO AURUM OURENSE, 24 MARZO 2018

### REGULAMENTO

#### **Artigo 1. ORGANIZACIÓN.**

O Club Deportivo Aurum coa colaboración da Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo e a Vicerreitoría do Campus de Ourense da Universidade de Vigo e o patrocinio do Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense, organiza o VII Trofeo Club Deportivo Aurum, que se celebrará o sábado 24 de marzo de 2018 en xornada de tarde, na Pista de Atletismo do Campus Universitario de Ourense.

#### **Artigo 2. PROGRAMA DE COMPETICIÓN E HORARIO DEFINITIVO.**

HOMES	HORA	MULLERES
500 m. S10 – S12 – S14	18:00	Lonxitude
	18:15	500 m. S10 – S12 – S14
200 m.	18:30	
	18:40	200 m.
1.000 m. ABS	18:50	
	19:00	1.000 m. ABS
300 m. ABS	19:10	
	19:20	300 m. ABS
100 m.	19:30	
Lonxitude		
	19:45	100 m.
5.000 m. Serie A	20:00	
5.000 m. Serie B	20:20	
4x100 m.	20:45	
	20:55	4x100 m.

Coa relación definitiva de atletas admitidos/as o organizador poderá modificar o horario de competición.



### **Artigo 3. PARTICIPANTES.**

Poderán participar todos/as os/as atletas con licenza federativa en vigor.

### **Artigo 4. INSCRICIÓNS.**

As inscricións realizaranse na intranet da RFEA ata as 20:00 h. do martes 20 de marzo de 2018. Os/as atletas deberán aportar a súa mellor marca para ser encadrados/as nas series.

Finalizado o prazo de inscrición publicarase a relación de atletas admitidos/as.

**Os/as atletas deberán aboar unha cota de 3€ por dorsal no momento da súa retirada, agás os/as atletas das categorías Sub10 – Sub12 – Sub14.**

### **Artigo 5. CONFIRMACIÓN DE PARTICIPACIÓN E RECOLLIDA DE DORSAIS.**

Os/as atletas inscritos/as confirmarán a súa participación e recollerán persoalmente o seu dorsal na Secretaría de Competición ata 1 hora antes do inicio da proba na que se atopan inscritos/as.

### **Artigo 6. ATLETAS NON PRESENTADOS.**

Todos/as os/as atletas que se inscriban, non participen finalmente e non comuniquen a súa renuncia ata 24 h. antes do comezo da primeira proba do programa, serán sancionados cunha multa de 10€ que deberá ser aboada para poder tomar parte en calquera control ou proba oficial organizada na Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo.

### **Artigo 7. CÁMARA DE CHAMADAS.**

Todos/as os/as participantes deberán acreditarse na Cámara de Chamadas mediante a súa licenza federativa ou documento oficial con fotografía.

Protocolo de Cámara de Chamadas

CÁMARA CHAMADAS	APERTURA	PECHE
CARREIRAS	20' antes da proba	10' antes da proba
CONCURSOS	50' antes da proba	40' antes da proba

### **Artigo 8. PREMIOS.**

O Club Deportivo Aurum dará un agasallo ós/ás atletas que participen no Trofeo ata esgotar existencias.



Entregarase un trofeo ó atleta e á atleta, que obteñan a marca con mellor puntuación por táboa IAAF de toda a competición.

**Artigo 9. NORMATIVA.**

Para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA e, de ser preciso, a normativa RFEA e IAAF.